

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeno García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 16 de novembro de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase a licenza municipal de instalación e apertura dun taller de reparación de automóbiles na rama mecánica, reparación de pneumáticos e lavadoiro de vehículos, na estrada N-VI, Km 506,900.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición da edificación sita en solo urbano na rúa San Roque, número 147; para demolición e reformas na estación de servizo “Río Miño”, estrada N-VI P.K. 498; para a construción de nave industrial para uso comercial no Parque Empresarial As Gándaras, parcela “R”, rúa “A”, esquina rúa “D”; para construír un alpendre para usos agrícolas (uso produtivo), no núcleo rural tradicional de Bosende de Abaixo, parroquia de San Pedro Fiz de Muxa; para instalación de ascensor en local de planta baixa e local de planta primeira no edificio con licenza número 743/96, sito en solo urbano na ronda das Mercedes, número 2 e para adecuación de local para dúas oficinas no entresollado do edificio con licenza número 836/07, sito na rúa Vilalba, número 15.

Acórdouse adiar a licenza municipal para modificación de planta baixa (antes comercial) para acceso a garaxe en planta semisoto, incluído montacoches e instalación de ascensor en edificio de vivenda unifamiliar en execución, con licenzas

anteriores números 510/07 e 81/10, sito en solo urbano na ronda da Muralla, número 1.

2. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación inicial do “Proxecto de expropiación parcial do solo e das construcións apegadas ao Convento das Reverendas Madres Agustinas na praza de Santo Domingo en Lugo, na Calella do Hospital e carril do Son”.

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E AXENDA 21

3. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación inicial do Proxecto de obras ordinarias para rampla de acceso a local na rúa Montirón, 82 - baixo.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios de persoal adscrito á Escola infantil municipal “Gregorio Sanz” e da aprobación da forma de compensación.

Acórdase a autorización para a realización de horas extraordinarias de persoal do Servizo de Licenza se da aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos para o ano 2012 das tarifas para os tres aparcadoiros soterrados sitos nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e Constitución, obxecto do contrato de concesión administrativa.

Acórdase a prórroga e revisión de prezos do canon e das tarifas de consumición correspondentes á explotación do servizo de cafetería, sita no Centro de Convivencia Uxío Novoneyra, adxudicada para o período que vai dende o 27 de outubro de 2011 ata o 26 de outubro de 2012.

Tamén se acorda a aceptación da cesión de terreo con destino a vía, no lugar de torre da parroquia de San Miguel de Orbazai.

6. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para construción de edificio na rúa Castro Gil, 14, esquina rúa do Freixo.

Acórdase desestimar o escrito presentado no que se solicita a devolución dos importes ingresados en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para legalización de entresollado no edificio sito na avenida da Coruña esquina rúa Illas Canarias.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para construción de edificio na avda. da Coruña, 118.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para obras de instalación dun concesionario de vehículos na estrada Nacional, 540.

Lugo, 23 de novembro de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García